

1.572

Título: PEDRA DE COMPOSTELA

Lema: camiño de estrelas

Autor: Darío Xohán Cabana

Rua de Lamas de Prado, 9-2º

LUGO

pra daquela, é posible que esteña  
onde digo a continuación, polo que,  
se é caso, pido aviso ós dous sitios:

Rua Pazos Fontenla, 110-2º

BUEU (pontevedra)

2867  
1982

PEDRA DE COMPOSTELA

Lema: camiño de estrelas

-I-

...vio huu camino d'estrelas que se começaua sobre lo mar de Frisa...

Hai unha luz galáctica bringuela  
que brilla con espléndidos luceiros  
sinalando os innúmeros vieiros  
que van á fin do mundo canda ela.  
Hai unha luz que amosa Compostela  
por todos os camiños e roteiros,  
e Europa constelada de romeiros  
é un río que se inxire no Sarela.  
Hai un río de luz ancho e profundo  
que a vella Europa nosa aluma e leva  
deica Galicia a luz de todo o mundo.  
Hai un camiño que percorre a xente  
traguendo luz e disipando treva  
prá nación máis formosa de Oucidente.

-II-

Occitania

Señor Gaiferos de ollos leonados  
que viñeche morrer en Compostela,  
a luz dos trovadores ben amados  
converteute en saudosa cantinela.  
Meu señor don Gaiferos de Aquitania  
que viñeche morrer ó meu país,  
a voz maravillosa de Occitania  
soa en Pero Meogo e don Denis.  
Velliño de docísimas miradas  
que reinabas en trobas e chegache  
pra morrer a esta grande Catedral,  
eu louvo en ti as xentes delicadas  
do teu país, e os cantos que tu amache  
na belísima lingua provenzal.

Vellos peregrinos franceses con xogar

---

Pón as bótas e o traxe de romeiro,  
non esquezas a bota de bon viño,  
colle a harpa e ven connosco, compañeiro,  
pra facéremos xuntos o camiño.

Sacude os pés, amigo, e ven lizgairo,  
que é moi lonxe moi lonxe Compostela,  
e cántanos cantares con donairo  
pra alegrarnos as xeiras deica ela.

E pensa unha cantiga, bon amigo,  
ben rimada á maneira dos franceses,  
en lingua d'oïl, con verse e con envoi,  
e habémola cantar todos contigo  
se chegamos, á fin de varios meses,  
ó cume promisorio de Monxoi.

(envoi, pronunciado como se escribe,  
en francés antigo)

Milladoiros

---

Peregrino, se perdes o vieiro,  
golpea co bordón a neve fría  
e escoitarás a alegre melodía  
dos coios a unha beira do carreiro.

Peregrino, a esperanza tén un nome  
de pedras apiladas por aqueles  
que antes tua pasaron, e por eles  
é máis seguro o andar de cada home.

Peregrino, contempla o milladoiro,  
monumento fraterno e compañeiro  
dos romeiros que foron e serán,  
e gózate en saberes que é un agoiro  
da chegada ó final do teu roteiro;  
e pon tu outra pedra ós que virán.

-V-

Parada do peregrino no Hospital do Incio

---

O tempo suspendido da follaxe  
pinga na pedra antiga do Hospital  
e pón unha cantiga inmemorial  
no meio da tenaz peregrinaxe.  
Aquí o camiñante intemporal  
perdéndose en recóndita ramaxe  
repousa da calor e da fogaxe  
no verdescente mol castiñeiral.  
Un alto no camiño marca a pedra  
belísima cuberta pola hedra  
despaciosa do tempo a devalar,  
e o peregrino -vén talvez da Franza-  
levántase e espriguízase e avanza  
de novo con pausado camiñar.

-VI-

Pedra de Compostela

---

Pedra de luz antiga acrujolada  
que abranxes no labor a nosa historia  
e anuncias nova vida promisoría  
na perpetua duranza percurada.  
Pedra de Compostela na memoria  
por sempre endexamais estás chantada  
e vives canda nós tu! cicelada  
polo Mestre no pórtico da gloria.  
Pedra de Compostela, cantería  
de estraña filigrana milagreira  
que trasformas en luz materia fría,  
tu es a cifra nosa verdadeira,  
pedra de Compostela, romaría  
dos gozos máis lanzás da terra inteira.